

CPR PLURILINGÜE ALCA – ADMISIÓN DE ALUMNADO – CURSO 2026/2027 – CRITERIOS DE ADMISIÓN E A SÚA PUNTUACIÓN

Cando o número de solicitudes sexa superior ao de postos escolares dispoñibles, abrírase un prazo de dez días hábiles, entre o **23 de marzo e o 13 de abril**, para presentar, de forma presencial no centro a documentación xustificativa dos criterios de admisión alegados pola persoa solicitante. En caso de empate na puntuación total, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios, segundo a seguinte orde de prelación:

1) Por irmás ou irmáns matriculadas/os no centro docente	
Por unha irmá ou un irmán matriculada/o no centro docente	Oito puntos
Pola/o segunda/o e seguintes	Dous puntos por cada un/ha, co máximo de catorce puntos
2) Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora	
• Por proximidade do domicilio familiar:	
Se está na área de influencia do centro	Oito puntos
Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro	Catro puntos
• Por proximidade do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora:	
Se está na área de influencia do centro	Seis puntos
Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro	Tres puntos
3) Pola renda per cápita da unidade familiar: véxase a táboa achegada a continuación desta	De un a tres puntos
4) Por persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente	Tres puntos, con independencia de que ambas traballen nel
5) Por familia numerosa	
De categoría especial	Tres puntos
De categoría xeral	Dous puntos
6) No caso de irmáns/irmás nados/as dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro	Oito puntos se son dous/dúas e dez puntos se son máis de dous/dúas
7) No caso de familia monoparental	Dous puntos
8) Por discapacidade igual ou superior ao 33% de calquera membro computable da unidade familiar	A puntuación indicada a continuación co máximo de catro puntos:
Alumna/o	Catro puntos
Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora	Tres puntos
Calquera das irmás ou dos irmáns	Un punto por cada un/ha
Así mesmo, terá esta consideración a percepción da pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.	
9) Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar	Dous puntos
10) Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar	Dous puntos
11) Polo criterio complementario establecido polo centro: “ser familiar ata segundo grao de consanguinidade de antiga/o alumna/o que cursara neste centro ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria ou Bacharelato, ou ben as equivalentes a estas”	Un punto

CPR PLURILINGÜE ALCA – ADMISIÓN DE ALUMNADO – CURSO 2026/2027 – Valoración da renda per cápita da unidade familiar

Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, terase en conta a cantidade correspondente á base imponible, no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada unha das persoas declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. Para tal efecto, inclúese a cantidade que resulta da suma da base imponible xeral (casiña 435) e a base imponible do aforro (casiña 460) da/s correspondente/s declaración/s do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) no exercicio 2024. Esta cantidade dividirase entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2026.

Cando non se presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para a seguinte puntuación, utilizarase como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2024, fixado en 7.200,00 €:

Renda per cápita	€ per cápita	Puntuación
Se é inferior a 0,5 veces o IPREM	Inferior a 3.600,00 €	Tres puntos
Se é igual ou superior a 0,5 veces e inferior a 0,75 veces o IPREM	Entre 3.600,00 € e 5.399,98 €	Dous puntos
Se é igual ou superior a 0,75 veces o IPREM e inferior ao IPREM	Entre 5.399,98 € e 7.200,00 €	Un punto
Se é igual ou superior ao IPREM	Igual ou superior a 7.200,00 €	Cero puntos

A composición da unidade familiar indícase no punto catro das *Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2026/2027*, cuxo acceso figura no apartado de instrucións da pestana de admisión de alumnado da páxina web do centro.

CPR PLURILINGÜE ALCA – ADMISIÓN DE ALUMNADO – CURSO 2026/2027 – DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE ADMISIÓN

Esta documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada no centro ao presentar o orixinal

Para esta documentación, véxanse os artigos 31. Documentación complementaria e 32. Comprobación de datos da *ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro*, cuxo acceso figura no apartado de normativa da pestana de admisión de alumnado da páxina web do centro.